

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 10 de novembro de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día dez de novembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Isabel Couselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33146.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 3 de novembro 2023.

2.33147.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE AGOLADA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO INVESTIMENTO “REMODELACIÓN DE PISCINA MUNICIPAL CON EDIFICACIÓN DE APOIO” (Expte. 2023060030)-PON2030

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



A base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do 06/03/2023, mediante acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030-Programa PON2030.

No marco do Plan Concellos 2022-2023, mediante Resolución Presidencial 2023000801 de data 31/01/2023, concedéuselle ao *Concello de Agolada* unha subvención, por importe de 45.000,00 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora de infraestruturas municipais en Avd. Joaquín Loriga Acera ata correos*” (Expte.2022074735), cun orzamento de 45.000,00 €, sendo autorizada a súa desistencia mediante Resolución Presidencial núm. 2023006859 de data 11 de setembro de 2023.

Mediante Resolución Presidencial 2023000883 de data 02/02/2023, concedéuselle ao *Concello de Agolada* unha subvención, por importe de 41.733,90 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora das infraestruturas do Campo da Festa de Esperante e Artoño*” (Expte. 2023001428), cun orzamento de 41.733,90 € (Plan Concellos 2022-2023), sendo autorizada a súa desistencia mediante Resolución Presidencial núm. 2023006860 de data 11 de setembro de 2023.

Mediante Resolución Presidencial 2023001515 de data 23/02/2023, concedéuselle ao *Concello de Agolada* unha subvención, por importe de 24.200,00 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma interior de planta baixa do Concello de Agolada*” (Expte. 2023001453), cun orzamento de 24.200,00 € (Plan Concellos 2022-2023) sendo autorizada a súa desistencia mediante Resolución Presidencial núm. 2023006852 de data 11 de setembro de 2023.

O concello, tras as desistencias formuladas, conta cun saldo que importa 110.933,90 € para levar a cabo novas actuacións que pretenda acometer o concello.

No marco do programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da axenda 2030-programa PON2030 (Expte. 2023010533), concedéuselle ao concello de Agolada por acordo do Pleno Provincial núm. 4.8011 de data 23 de xuño de 2023 unha subvención de 434.360,76 € ao *concello de Agolada* para financiar a actuación denominada “*Remodelación de piscina municipal con edificación de apoio*” cun orzamento que ascende a 542.950,95 €, sendo a achega municipal de 108.590,19 €.

Programa	Orzamento	Subvención Deputación Pon2030	Achega Municipal (Concello Agolada)
PON2030	542.950,95	434.360,76	108.590,19



Neste contexto, en data 04 de Agosto de 2023 e con rexistro de entrada WEB2023047515, emendado en datas posteriores, o *Concello de Agolada*, acolléndose ao establecido nas bases 1ª, 8ª.1.5 e na 17ª do Plan Concellos 2022-2023, indica que non conta co crédito suficiente para facer fronte a achega municipal e solicita que o importe que queda en dispoñible por mor das desistencias indicadas, en concreto 108.590,19 euros, se aplique, por cambio de aplicación, no financiamento da achega municipal da actuación “*Remodelación de piscina municipal con edificación de apoio*” encadrada dentro do programa PON2030, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento, €	Subvención, €- Plan concellos 2023	Subvención Deputación Pontevedra (PON2030)
2023	542.950,95	108.590,19	434.360,76

A súa vez o concello solicita que o importe restante que queda dispoñible por mor das desistencias e que importa 2.343,71 euros sexan destinados á Liña 2 para acometer unha nova actuación proposta polo concello.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.

A execución e a xustificación deste investimento suxeitarase as normas do plan que se co-financia coa achega a cargo do Plan Concellos 2022-2023, sendo aquel plan o PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 – PROGRAMA PON2030.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª- 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base Reguladora 17ª do Plan Concellos 2022-2023 Liña – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente de tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 29/09/2023 e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 02/11/2023, que conclúen favorablemente a tramitación da concesión da subvención por cambio de aplicación, e o informe favorable da Intervención Provincial de data 03/11/ 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Agolada* (CIF.:P3602000F), por cambio de finalidade, a cantidade de 108.590,19€, con destino ao financiamento da achega municipal do investimento “*Remodelación de piscina municipal con edificación de apoio*” PON-2030 (Expte. 2023060030) cun orzamento que ascende a 542.950,95€, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento, €	Subvención, €- Plan concellos 2023	Subvención Deputación Pontevedra (PON2030)
2023	542.950,95	108.590,19	434.360,76

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 23/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa PON2030 e realizaranse as oportunas operacións de formalización.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Programa PON2030 aprobado por acordo plenario núm. 2.7960 de 06/03/2023 (BOPPO nº 46 do 07/03/2023).
- Sinalar que os prazos no Plan Concellos (anualidade 2023) son: para a execución dos investimentos, ata o 31 de decembro de 2024 e para a xustificación, ata o 31 de marzo de 2025; mentres que para o PON2030 o prazo de execución é ata o 30 de abril de 2025 e o de xustificación, no prazo de cinco meses dende a súa finalización, sen exceder, en todo caso, o 30 de setembro de 2025.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Agolada*, á Intervención e ao Gabinete da Presidencia.



3.33148.- CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN “COMPETICIONS FEDERADAS DE ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL PARA O ANO 2023”. (Expte: 2022069454)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 27.01.2023 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal 2023 por importe de 625.000,00 € (575.000,00 € para clubs deportivos de ámbito inferior ao estatal e 50.000,00 € para clubs deportivos que participan en competición de fútbol preferente Galicia Sur).

Segundo.- Con data 01.03.2023 procédese á publicación das bases anteriormente sinaladas no BOPPO (núm. 42), establecéndose un prazo de quince (20) días hábiles para a presentación de solicitudes.

Terceiro.- Con data 08.09.2023 a xefatura do servizo de Cultura emite informe proposta ao respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de entidades beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas e trala reunión da comisión de avaliación nomeada ao efecto na mesma data.

Cuarto.- Con data 18.10.2023 a xefatura do servizo de Cultura formula a proposta de resolución provisional das subvencións obxecto do presente procedemento. Por outra banda, con data 02.11.2023 efectúase a proposta de resolución definitiva.

Quinto.- En data 03.11.2023 fiscalízase de xeito favorable o expediente pola Intervención da Deputación.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no caso de tratarse de Asociacións, artigo 232.



- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión por importe de 575.000,00 € a 480 solicitudes para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito inferior ao estatal para o ano 2023 e que figura na relación que se achega co seguinte CSV: 0CFWA6HXWCNY6HAW.

Segundo.- Aprobar a concesión por importe de 43.402,00 € a 9 solicitudes para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de fútbol preferente Galicia grupo Sur para o ano 2023 e que figura na relación que se achega co seguinte CSV: 0A6UM22QOFF0IS1E.



Segundo.- Excluir deste programa un total de 15 solicitudes: 7 por documentación incompleta, 3 por non xustificar a subvención concedida no ano 2022 e 5 por estar tramitados noutra convocatoria e que se indican co seguinte CSV: 8SXULASU82HW529E

4.33149.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO “ERASMUS+ 2022” (6ª MOBILIDADE).
(Expte.2021064912)

O 24 de novembro de 2021 publicouse a convocatoria de propostas 2022 do programa Erasmus+ (EAC/A09/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C473/09) aprobada pola Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), ao abeiro do Regulamento (UE) núm. 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello de data 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o programa de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea.

O 22 de febreiro de 2022 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade (ID- KA121-VET-ADAE3F5F) dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 60 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (ErasmusPro), 5 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2022 ata o 31 de agosto de 2023). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus.

Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de catro períodos a concretar.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.



O 15 de xullo de 2022 a dirección do *Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), emitiu a resolución pola que se publican os listados de solicitudes seleccionadas e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas, correspondentes á convocatoria de propostas 2022 do Programa Erasmus+, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto Erasmus+2022 por importe de 599.765,00 €.

Trátase dun proxecto plurianual (2022-2024) e para a anualidade 2022 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

Con data 28 de setembro de 2022 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2022 ata ao 31 de agosto de 2023. Con todo, solicitouse a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso do dereito inherente a todos os beneficiarios. O 23 de xuño do 2023 o SEPIE notificou a aprobación desta solicitude, establecéndose a data de finalización do proxecto o 31 de maio do 2024.

De acordo co previsto na memoria do proxecto, en cada un dos centros de Formación Profesional constituíuse un comité de mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas ao proxecto, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, o alumnado distribuírase en varias quendas de mobilidade:

- A primeira quenda, que comprende un total de 9 alumnos que iniciaron a mobilidade en abril do 2023 con destino Portugal, Italia e Malta.
- A segunda quenda, que comprende un total de 5 alumnos que iniciaron a mobilidade en maio do 2023 con destino Portugal, Italia e Irlanda.
- A terceira quenda, que comprende un total de 2 alumnas que iniciaron a mobilidade en maio do 2023 con destino Italia.
- A cuarta quenda, que comprende un total de 2 docentes que iniciaron a mobilidade en maio e xuño do 2023 con destino Finlandia e Portugal.
- A quinta quenda, que comprende un total de 45 alumnos e un docente que iniciaron a mobilidade en outubro de 2023 con destino Finlandia, Francia, Irlanda, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal.
- A sexta quenda, que comprende un total de 9 alumnos iniciarán a mobilidade en novembro de 2023 con destino Italia, Portugal, Irlanda, Malta e Finlandia.



- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de alumnos (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en marzo do 2024.

A duración total das prácticas no país estranxeiro no poderá superar 365 días. Se durante este período se cumpren 12 meses a contar dende a finalización dos estudos, nese caso daranse por concluídas en tal data.

O apartado 1º da cláusula 4 (modalidades de pago) do convenio de subvención Erasmus+ Formación Profesional para estudos e/ou prácticas que se asina entre a institución beneficiaria da subvención (Deputación de Pontevedra) e os participantes establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non mais tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación ao participante equivalente ao 90% del importe especificado en la cláusula 3. En base ao anterior, a Deputación comprométese a realizar o primeiro pago ao alumnado con anterioridade á data de inicio do período de mobilidade. Este criterio foi ratificado polo SEPIE na auditoría realizada ao proxecto Practicum Depo 2016 os días 21 e 22 de xaneiro de 2019 de cara á xestión de todos os proxectos Erasmus+ futuros.

Considerando o anterior debe advertirse que os pagos efectivos con saída de caudais da Deputación realizados con posterioridade á data de inicio das prácticas do alumnado ou do período de mobilidades de formación e visitas preparatorias dos docentes ou persoal serán considerados como custos non elixibles e, polo tanto, o SEPIE realizará unha corrección financeira do proxecto e reclamará a totalidade das contías que non cumpran os parámetros indicados por consideralas como custos non elixibles.

Con data 27 de outubro de 2023 emitíuse informe – proposta para a adxudicación das bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ 2022 (6ª mobilidade) asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local co visto e prace do Deputado Delegado.

Con data 30 de outubro de 2023 a Intervención emitíu informe de fiscalización favorable para a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto Erasmus+ 2022 (6ª mobilidade) detalladas no anexo. A contía ascende a 71.960,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2428.481.01 do proxecto de gasto 2200002_PRACTICUM DEPO 2022.

NORMATIVA APLICABLE

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2022 do programa Erasmus+ (EAC/A09/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C473/09), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento para o ano 2023.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de execución do vixente orzamento.



Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. A concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto Erasmus+ 2022 (6ª mobilidade) nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe).
Para esta 6ª mobilidade con destino Italia, Portugal, Irlanda, Malta e Finlandia a contía ascende a 71.960,00€ que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.2428.481.01 do proxecto de gasto 2200002_PRACTICUM DEPO 2022 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.
2. Notificar este acordo ás partes interesadas.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.

Dito anexo é como segue:

Nome e apelidos	Sector	Centro Formación	Destino	Data de inicio mobilidade	Data de fin mobilidade	Total días	Total axuda individual	Axuda viaxe	100% (axuda individual + axuda de viaxe)	1º abono	2º abono
Rubén Alleres Costas	Guía no medio natural e de tempo de lecer	IES Terra de Turonio	Finlandia	27/11/2023	31/05/2024	189	8.974,00	530,00	9.504,00	8.553,60	950,40
Iker Noya Piñeiro	FPB Informática de Oficina	IES Francisco Asorey	Malta	27/11/2023	31/05/2024	189	7.798,00	360,00	8.158,00	7.342,20	815,80
Sara Paola López Triviño	Coidados auxiliares de enfermería	Divino Maestro Fundación Educativa	Italia	27/11/2023	17/04/2024	145	6.038,00	275,00	6.313,00	5.681,70	631,30
Carlos Freire Collazo	Produción agroecolóxica	CIFP A Granxa	Italia	27/11/2023	31/05/2024	189	7.798,00	275,00	8.073,00	7.265,70	807,30
Adriana Sofia Gutiérrez López	Xoiaría artística	Escuela de Joyería del Atlántico	Portugal	27/11/2023	31/05/2024	189	7.798,00	180,00	7.978,00	7.180,20	797,80
Martín Prol Vidal	Sistemas microinformáticos e redes	IES Antón Losada Diéguez	Irlanda	27/11/2023	31/05/2024	189	8.974,00	275,00	9.249,00	8.324,10	924,90
Álvaro Longa Saváns	Cultivos acuícolas	IGAFA	Portugal	27/11/2023	29/03/2024	126	5.278,00	180,00	5.458,00	4.912,20	545,80
Verónica Blanco Rodríguez	Actividades comerciais	CPR San Fermín	Irlanda	27/11/2023	31/05/2024	189	8.974,00	275,00	9.249,00	8.324,10	924,90
Arturo Vázquez Cortizo	Aprov. e conservación do medio natural	CFEA Lourizán	Portugal	27/11/2023	31/05/2024	189	7.798,00	180,00	7.978,00	7.180,20	797,80
									71.960,00€		



5.33150.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL DE CUBRICIÓN DO CENTRO INFANTO-XUVENIL AGARIMO E ALMACÉN XERAL DO CPF”. (Expte. 2023006141)

Resultando.- Que o Centro Príncipe Felipe traslada a necesidade de acometer as obras de substitución do material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo y Almacén Xeral do Centro Príncipe Felipe debido que a actual cuberta presenta diferentes problemáticas relacionadas con filtracións de auga, fisuras en material de cubrición que provocan desprendementos nos parámetros verticais e horizontais exteriores; deterioro de canalóns e baixantes interiores que producen filtracións e desprendementos de acabados interiores; presenza de baixantes exteriores non conectadas a arquetas de pluviais para a evacuación de auga, o cal provoca encharcamentos e danos nas fachadas da edificación.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada do Centro Príncipe Felipe, solicitando iniciar a tramitación da licitación do procedemento aberto simplificado para a adxudicación do contrato de obras “Substitución do material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén Xeral do Centro Príncipe Felipe”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse por Freire y Vázquez arquitectos, S.L.P. o proxecto de execución da obra “Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF”, cun orzamento base de licitación de 956.059,45 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) QCWJ3JWB7MFC1JB6.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202300204374 e 202300204373, por importe de 303.758,70 € e 652.300,75 € respectivamente con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/232.2312.632.03, 23/232.2312.632.03.2022.

Resultando.- Que con data 30/10/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización informando favorablemente o expediente.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 44WMJC1Y0Q2LN5Q3, informe de supervisión do proxecto emitido por María Del Carmen Gómez Manzano, xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.

Considerando.- Que ao abeiro do artigo 142.3 da LSG e 360.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, estas obras atópanse entre as susceptibles de acollerse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa.



Considerando.- Que o 21/09/2023, presentouse no Rexistro do Concello de Pontevedra o modelo 14VLBIS de comunicación previa para a obra “Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF”.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Substitución de material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo e Almacén xeral de CPF*” redactado por Freire y Vázquez arquitectos, S.L.P., cun orzamento base de licitación de 956.059,45 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) QCWJ3JWB7MFC1JB6.

6.33151.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)”. (Expte.-2022070641)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa MONCOSA OHS, S.A (CIF A15050958) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)” por un importe de 268.973,62 € IVE incluído, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que con data 29/06/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 29/10/2023



Resultando.- Que con data 20/10/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, REX_WEB2023058729, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) meses, debido por unha banda a retrasos producidos no subministro de pezas de formigón pretensado para estruturas, debido a que as fábricas atópanse saturadas de traballo e por outra que pola necesidade de coordinar os desvíos das diferentes liñas de transporte público, non se puideron acometer as obras de ambas pontes simultaneamente o que retrasou os prazos previstos.

Resultando.- Con data 27/10/2023 emitiu informe o director de obra recollendo que “...*Dirección Facultativa considera que as causas de demora que alega o contratista non son imputables a el. Tendo en conta os antecedentes, considérase que o tempo perdido por causas non imputables ó contratista é de 2 meses. Por outra parte, dada a cantidade e a natureza dos traballos que restan por executar, e atendendo ás condicións meteorolóxicas dos vindeiros meses, solicítase a posta a disposición dos medios necesarios para rematar a obra á maior brevidade posible, polo que a prórroga que procede conceder para a ampliación do prazo de execución da obra é de DOUS (2) MESES, ata o 29 de decembro de 2023...*”.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) JRDELLAEVHFUPE9M no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente autorizando a ampliación do prazo de execución en DOUS (2) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 29/12/2023.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28171288) Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na execución da obra "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)".



Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na prorroga da obra "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)" por un importe de 1.085,24 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: FX27MTT0QU3849PZ, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2022070641, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300222859.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa MONCOSA OHS, S.A., unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obras "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)" establecendo coma data para finalizar a obra o día 29/12/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa TECNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28171288) Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na prorroga da obra "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)" (expte 2023067267), por un importe de 1.085,24 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	896,89 €
IVE (21 %)	188,35 €
Importe total	1.085,24 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante DOUS (2) MESES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras "Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)" con efectos dende o 30/10/2023.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023067267.



7.33152.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ANTICIPADA, DO “SERVIZO DE XESTIÓN DO CENTRO DE ACOLLIDA Ó VISITANTE NO CASTELO DE SOUTOMAIOR”. (Expte.2023060062)

A Deputación de Pontevedra ostenta a propiedade patrimonial do Castelo de Soutomaior, Ben de Interese Cultural (BIC), dende o ano 1982. Dito castelo dispón dun xardín botánico con case 30 ha. de terreo e que data do século XIX. En 2012 os xardíns do Castelo de Soutomaior conseguiron a declaración de Xardín de Excelencia Internacional en Camelia, converténdose no primeiro xardín de España e sétimo de Europa con esta distinción. En 2022 obtívose a renovación da Declaración, ao mesmo tempo, o Castelo está incluído na Ruta da Camelia de Galicia como na Ruta Europea de Xardíns Históricos.

Con respecto aos estándares de calidade, o Castelo atópase adherido ao Sistema Integral de Calidade Turística en Destino (SICTED) e en continua renovación así como certificado coa Q de Calidade Turística dentro do catálogo de “Museos e Centros de Interese Turístico Visitable”.

Nos últimos anos o Castelo e os seus xardíns convertéronse nun dos recursos turísticos máis visitados da provincia de Pontevedra, contando soamente o castelo con máis de 38.000 visitantes no ano 2022.

Neste contexto, o servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra está pendente da construción do centro de recepción de visitantes coa intención de mellorar este espazo visitable e potenciar o seu atractivo acorde coas tendencias da demanda turística, dando así resposta ás accións incluídas no eixo 2 denominado oferta turística do Plan Estratéxico, concretamente na ficha 9 denominada Fortaleza de Soutomaior.

O servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra pretende a contratación do servizo para a atención o visitante e apoio e dinamización turística do Castelo, contribuíndo a desenvolver e executar dita acción contemplada especificamente no Plan Estratéxico Provincial de Turismo 2021-2023.

En base ao exposto, con data 20/09/2023, a Deputada Delegada de Turismo, dita providencia propón a iniciar o expediente para a Contratación do servizo de atención ao visitante e apoio e dinamización turística no Castelo de Soutomaior, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas de interese público que a Deputación ten atribuídas.

O contrato proposto ten un prazo de duración de un ano, coa posibilidade de tres prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 206.650,22 euros, ive engadido. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data 28/09/2023, a Intervención emite documento de retención de crédito para exercicios futuros número 202300199844 polo importe de 206.650,22 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.3360.227.99 do orzamento provincial.



Tendo en conta que, con data 06/11/2023, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo do Anexo IV da LCSP, coas especialidades do artigo 312 LCSP para contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 09/10/2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 20/10/2023, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas na documentación preparatoria do expediente, polo servizo de Turismo Rías Baixas, reflectida nos seus respectivos informes de data 06/10/2023 (CSV: V7Y3EKGRHG0MYTAX), no informe do 02/11/2023 (CSV: SNV9OOC3Y49V4CW6) e no informe do 03/11/2023 (CSV: AUWFOQY589X988WQ).

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 06/11/2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo corecollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.”

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificáanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación anticipada, do “*Servizo de Xestión do centro de acollida oa visitante no Castelo de Soutomaior*”.

O prazo de duración será de 1 ano, contado desde a data sinalada no documento de formalización. Establecese a posibilidade de 3 prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 206.650,22€.

O valor estimado é de 683.141,24 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 3SIDJL2DZH0SGE3L) e de prescricións técnicas (CSV: 1SFLTKWI9D01ERAZ) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 206.650,22 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.3360.227.99 do ano 2024.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a Ruth González Reyes, Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



8.33153.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO “SERVIZO DE DESEÑO E IMPARTICIÓN DE FORMACIÓN DIRIXIDO AS PERSOAS MAIORES DE 50 ANOS DOS CONCELLOS DE CUNTIS, FORCAREI, A ILLA DE AROUSA, MORAÑA E AS NEVES QUE AS CAPACITE EN COMPETENCIAS DIXITAIS E LLES PERMITA A XERACIÓN DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS E FACILITE A SÚA RELACIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E A ALFABETIZACIÓN DIXITAL EN CALQUERA ÁMBITO DA SÚA VIDA COTIÁ, NO MARCO DO PROXECTO «HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA»”. (Expte. 2023047633)

A dixitalización de numerosos servizos e xestións da vida cotiá está a provocar que a fenda dixital entre xeracións e colectivos sociais de persoas maiores vaia en aumento. Incrementouse a dixitalización dos procedementos das Administracións Públicas, as xestións bancarias e sanitarias, substituíndose a atención persoal pola autoxestión en liña. Incluso as relacións e interaccións sociais están a trasladarse aos soportes e medios dixitais. E isto é especialmente relevante en contornas rurais, con menor densidade de poboación, cada vez máis envellecida, e onde a prestación de servizos presenciais tende a desaparecer.

Así pois, os avances tecnolóxicos fan que as persoas maiores sufran unha exclusión involuntaria do sistema, que mingua tanto a súa autonomía como a participación plena na sociedade. A todo o anterior súmase a desconfianza na seguridade das transaccións electrónicas derivada, por unha banda, polo descoñecemento, e por outra, polas constantes noticias de cibercriminos e ciberrataques a particulares, empresas e institucións.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, leva a cabo distintos programas e actividades dirixidas ás persoas maiores, cun gran arraigamento na provincia, que teñen como finalidade fomentar o tecido asociativo, a convivencia, e a loita contra a soidade non desexada.

Partindo deste contexto, a Deputación de Pontevedra, presentou o pasado 15 de xuño de 2022, o proxecto "HUB para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra" á convocatoria de axudas para o ano 2022 da Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e loita contra o despoboamento. O 4 de maio de 2022, publicouse no Boletín Oficial do Estado número 106, o extracto da convocatoria mediante a Orde do 25 de marzo de 2022.

O 13 de decembro de 2022 a Dirección Xeral de Políticas contra o Despoboamento do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico notificou a resolución de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o citado proxecto. Posteriormente resolveuse, por parte desta institución provincial, aceptar a subvención concedida, que foi ratificada pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o 3 de febreiro de 2023.



A posta en marcha deste proxecto ten como finalidade formar, no uso das novas tecnoloxías, a un máximo de 50 persoas en cada un dos cinco concellos destinatarios deste proxecto, co fin de que poidan realizar xestións administrativas de forma autónoma, relacionarse coas súas familias, amizades e con outras persoas con intereses afíns, de forma que as Tics supoñan unha oportunidade e mellore a súa calidade de vida.

Así pois, para a consecución dos obxectivos expostos tramitouse a licitación da implantación e mantemento dunha Plataforma de Formación innovadora, baseada nunha OTT (“*Over the top*”, onde se permita a incorporación e aloxamento de contidos multimedia avanzados (vídeos, emisións en directo, etc.) grazas a un módulo de creación de contidos de uso sinxelo, coa finalidade de contribuír positiva e significativamente a mellorar a calidade de vida das persoas maiores, e en particular, facilitar que de forma autónoma poidan relacionarse coas Administracións Públicas así como realizar xestións relacionadas coa súa saúde, o ocio, e a compra online, entre outras.

Así mesmo, requírese o desenvolvemento dun servizo de formación que capacite en competencias dixitais e facilite a relación electrónica coas Administracións Públicas das persoas maiores de 50 anos, que permita a creación de contidos, entre os que estarán incluídos os que se impartan na formación, así como outros especialmente relacionados cos intereses das persoas participantes, de xeito que lles permita experimentar novas formas de comunicación e relación.

Por todo o anterior, en cumprimento do disposto no artigo 28 da LCSP, faise constar a idoneidade do obxecto e contido proxectado para satisfacer estas carencias, sendo necesario polo tanto, a tramitación do correspondente expediente de contratación dun servizo de deseño e impartición da formación que capacite en competencias dixitais ás persoas maiores de 50 anos, que lles permita a xeración de contidos audiovisuais e facilite a súa relación coas Administracións Públicas e a alfabetización dixital en calquera ámbito da súa vida cotiá, dentro do proxecto “*Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural*”.

Aínda que a Deputación de Pontevedra dispón dun servizo de Novas Tecnoloxías, o obxecto do contrato en ambos lotes, non pode ser desenvolvido con medios propios, xa que esta Institución carece dos medios humanos en termos cuantitativos para acometer a execución da prestación derivada deste proxecto, non dispoñendo tampouco este Servizo de Cohesión de Social e Xuventude de perfís profesionais adecuados, o que xustifica a insuficiencia de medios.

En base ao exposto, o Deputado Delegado de Reto Demográfico, xuventude e desenvolvemento rural dictou providencia de inicio para a contratación do deseño e impartición de formación dirixido as persoas maiores de 50 anos dos concellos de Cuntis, Forcarei, A Illa de Arousa, Moraña e As Neves que as capacite en competencias dixitais e lles permita a xeración de contidos audiovisuais e facilite a súa relación coas Administracións Públicas e a alfabetización dixital en calquera ámbito da súa vida cotiá, no marco do proxecto “*Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de pontevedra*”. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.



Visto que pola intervención se emitiron os correspondentes documentos de retención de crédito RC núm. 202300203976, por importe de 43.154,32 € e RC núm. 202300203979 por importe de 101.058,62 €.

Tendo en conta que, con data 28/09/2023, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato de servizo, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, segundo o artigo 159 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 28/09/2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 10/10/2023.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 03/11/2023.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do contrato para a prestación do servizo de deseño e impartición de formación dirixido as persoas maiores de 50 anos dos concellos de Cuntis, Forcarei, A Illa de Arousa, Moraña e As Neves que as capacite en competencias dixitais e lles permita a xeración de contidos audiovisuais e facilite a súa relación coas



administracións públicas e a alfabetización dixital en calquera ámbito da súa vida cotiá, no marco do proxecto “Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de pontevedra”, dividido en dous lotes:

Lote 1.- Prestación dun servizo de impartición da formación que capacite en competencias dixitais ás persoas “Influencers” que se seleccionen e ás persoas destinatarias da formación.

Lote 2.- Prestación dun servizo de xeración de contidos didácticos audiovisuais e de edición de experiencias audiovisuais xeradas para e polo alumnado

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: PJPM3WQ7LJX4QNY) e de prescricións técnicas (CSV: RHUA6SVKT7E9FKYT) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias e de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	23/231.2317.226.06	43.154,32 €
2023	23/231.2317.227.06	101.058,62 €

4.- Nomear responsable do contrato a Begoña Estévez Bernárdez, xefa do servizo de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

9.33154.- SOLICITUDE DA EMPRESA ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, S.A. PARA AMPLIAR O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS NA LICITACIÓN, DO PROCEDUREMTO ABERTO, PARA CONTRATAR O “SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DA DEPUTACIÓN”. (EXP. 2023010892)

A Xunta de Goberno, en sesión do día 8 de setembro de 2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo para a execución das obras contratadas por la Diputación. Acordando, así mesmo, iniciar o prazo de 30 días para a presentación das ofertas a partir da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

Con data 17 de outubro de 2023, mediante instancia xenérica, con número de rexistro WEB2023058187, a empresa Enmacosa Consultoría Técnica, S.A. (A27812627) solicita que á vista das circunstancias extraordinarias descritas derivadas das incidencias xurdidas na Plataforma VORTAL, acorde adoptar unha ampliación do prazo de presentación de ofertas na licitación de referencia (Expediente: 2023010892), ou aquelas medidas que sexan necesarias para garantir e restablecer as condicións de igualdade de acceso de todos os licitadores á contratación.



A consulta da Deputación, a empresa Vortal, responsable da plataforma da licitación emite informe con data 19 de outubro de 2023 na que conclúe:

“Tras el análisis de los registros de las acciones realizadas por el licitador en la plataforma, no existen evidencias de errores inherentes al funcionamiento de la plataforma que pudiesen impedir el correcto envío de su oferta, ni se aportan evidencias para su análisis. Desde el Servicio de Atención al Cliente se aclaró el proceso de cambio de contraseña, en dicha consulta el licitador se pone en contacto fuera del plazo de presentación de ofertas.”

O 25 de outubro de 2023, a empresa Vortal emite un 2º informe, idéntico ao anterior, a excepción da referencia de informe e a conclusión do mesmo, que di así:

“Tras el análisis de los registros de las acciones realizadas por el licitador en la plataforma y las evidencias aportadas por el mismo el pasado 18 de octubre, podemos concluir que, primeramente sobre la cuestión de la contraseña, detallamos que se reprodujeron cinco intentos erróneos al introducir las credenciales del usuario, y efectivamente, debido a un error en la plataforma, uno de los requisitos no fue comunicado por el sistema, en concreto, el aviso sobre la necesidad de que la contraseña contenga letras minúsculas y, por ello, el cambio no se realizó correctamente, dejando al usuario (scerqueira@enmacosa.com) bloqueado el día 16/10/2023 a las 09:39:49 horas.

Además, informamos que el usuario sólo pudo completar el formulario principal el día 16/10/2023 a las 10:39:51 horas, ya fuera del plazo habilitado para presentación de la oferta”.

Á vista dos dous informes, con elementos difusos e contraditorios, resulta preciso prestar aclaración a diversas cuestións polo que se realiza novamente unha consulta á empresa Vortal. (CSV: 3M05NAMKFDX6PNAE).

Con data 31/10/2023, a empresa Vortal emite un terceiro informe sobre a incidencia. CSV: RZ2BW2X6XRBI9M8Z

Visto que neste informe se sinala que, *“... los cinco intentos erróneos son fruto de la equivocación del usuario al acceder con sus credenciales a la Plataforma de Vortal, por ello recibe el correo electrónico que informa de la situación de bloqueo e indica el enlace a la recuperación de las mismas para poder entrar de nuevo. No se detecta un comportamiento anómalo en este paso del proceso”.*

“Posteriormente, el licitador no consigue recuperar las credenciales y desbloquear el acceso debido a la información mostrada en la pantalla del cambio de contraseña. Aun así, el punto de partida viene derivado de la equivocación previa especificada en el paso 1 del presente epígrafe del informe. Pese a la indicación errónea en la pantalla, el licitador es informado de que la contraseña no es válida y no se percibe proactividad por parte del licitador para realizar distintas combinaciones de contraseñas. No es hasta el momento en el que contacta con nuestro Servicio de Atención al Cliente cuando consigue modificar la contraseña y acceder sin problema a la Plataforma”.



Visto que, a empresa Enmacosa, introduce 5 veces o contrasinal de forma errónea o que provoca o bloqueo do acceso, ás 9:39 do día 16/10/2023, sen poñerse en contacto co servizo de atención ao cliente ata as 10:21, xa fóra de prazo de presentación de ofertas. Finalízase a carga de documentos da oferta ás 10:38:02, sen que conste a firma dos documentos e o rexistro de envío da oferta. E que non constan que outras empresas comunicasen un funcionamento anormal da plataforma, ou non puidesen introducir as ofertas na plataforma por algún motivo técnico

Visto o informe do xefe do Servizo de contratación, de data 2 de novembro de 2023, con CSV:2H32KULTIYJ43DHQ, no que se conclúe que *“non queda acreditado polo licitador a imposibilidade de presentar a oferta en prazo fose debido a problemas técnicos que non lle son imputables, xa que o bloqueo do contrasinal é debido a unha equivocación do propio licitador.*

Os demais licitadores si puideron presentar as súas ofertas no prazo. O respecto aos principios de igualdade e non discriminación impón que as condicións establecidas para participar nas licitacións públicas, esíxanse e apliquen sen excepcións nin distincións entre os licitadores, de modo, que por principio, unha oferta non presentada en prazo, tal e como establece o PCA, debe de ser non admitida, salvo que exista unha evidencia de erro na plataforma que non se produce neste caso.

Por tanto, a ampliación de prazo para a presentación de ofertas solicitada pola empresa Enmacosa debe de ser desestimada”.

Considerando a cláusula 7 do PCA, que establece, como nota importante, a recomendación de que se lean os requisitos do sistema e preséntense as ofertas con antelación suficiente.

“Entenderase que a oferta está correctamente presentada se o seu envío e a finalización da transmisión na plataforma de licitación electrónica realízanse antes de terminar o prazo de presentación de ofertas.

Unha vez presentada a oferta a través da plataforma electrónica de contratación, xerárase un recibo electrónico que garantirá a data e hora de envío, e o contido da súa oferta. Todas as ofertas extemporáneas recibidas ao expediente serán excluídas, a non ser que a compañía provedora do servizo alerte ao órgano de contratación de que se está producindo algunha situación que afecte o funcionamento do software e que poida provocar que os provedores entreguen a súa oferta fose do prazo establecido. Co fin de evitar imprevistos suxerimos que presenten as ofertas con suficiente antelación á finalización do prazo”.

Considerando diversas resolucións dos tribunais contractuais con casos similares, por exemplo, a Resolución Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais nº 696/2018:

“En consecuencia, entendemos que resulta correcta la decisión de no admitir la oferta al no haber acreditado el licitador que la imposibilidad de presentar la oferta en plazo se ha debido a problemas técnicos que no le son imputables, pues, de un lado, otros licitadores sí han podido presentar sus ofertas en el plazo concedido al efecto, y, por otro lado, cuando el licitador afectado ha advertido los errores a la Plataforma de Contratación del Sector Público, éstos no han podido ser detectados y analizados con anterioridad a la expiración del plazo para la presentación de las ofertas.”



Resolución 73/2019 del Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de Castilla y León:

“Por ello, este Tribunal considera que la empresa recurrente no acredita la existencia de problemas en la Plataforma de Contratación del Sector público, estos pudieron deberse a una falta de pericia a la hora de presentar electrónicamente su oferta y a la falta de previsión, al haber agotado el plazo de presentación hasta el último día. Asimismo, tal y como señala el órgano de contratación en su informe, no cabe entender que las dificultades se debieron a la gran cantidad de documentos a adjuntar en cada lote. En el Anexo I del PCAP se informa del contenido que debe tener cada sobre y la documentación a presentar electrónicamente no es voluminosa.”

- Resolución 23/2019 del Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Canarias:

“Precisamente el respeto a los principios de igualdad y no discriminación impone que las condiciones establecidas para participar en las licitaciones públicas, se exijan y apliquen sin excepciones ni distinciones entre los licitadores, de modo, que por principio, una oferta no presentada en plazo no ha de ser tenida en cuenta, a menos que el interesado acredite de forma indubitada que la no presentación obedeció a causas que no le son en modo alguno a él imputables, sino a la propia Administración, que en este caso conllevaría el garantizar que la herramienta para la presentación de proposiciones en forma electrónica permita, sin problemas técnicos de ningún tipo, la presentación de proposiciones a lo largo del plazo fijado al efecto, desde el primer al último día del plazo. En consecuencia, no se considera debidamente acreditado por las licitadoras que la imposibilidad de presentar la oferta en plazo se ha debido a problemas técnicos que no le son imputables, pues, de un lado, otros licitadores sí han podido presentar sus ofertas en el plazo concedido al efecto a través de la Plataforma sin incidencia alguna, ...”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude da empresa *Enmacosa Consultoría Técnica, S.A.* (CIF-a27812627) de ampliar o prazo de presentación de ofertas.

10.33155.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DO “SERVIZO DE COPIA DE SEGURIDADE NA NUBE PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2023037975)

Actualmente a Deputación de Pontevedra dispón dun servizo de copias de seguridade xestionado por un provedor externo (actual adxudicatario) e cunha arquitectura en modo nube.



O servizo consumido pola Deputación de Pontevedra esta baseado na ferramenta de xestión de copias de seguridade Veeam Backup. A arquitectura básica sobre a que se presta este servizo está composta por un appliance hardware local, instalado nas dependencias da Deputación de Pontevedra (no Centro de Proceso de Datos Principal ou CPDP), sobre o que levan a cabo as distintas copias de seguridade que logo son exportadas, mediante unha liña de comunicacións dedicada para este servizo e que dispón dun caudal simétrico de 1Gbps, a un Centro de Procesos de Datos (CPD) externo localizado en Madrid. Todos os procesos relacionados coa xeración de copias de seguridade, a monitoraxe dos procesos de copia, a supervisión e a recuperación de copias son xestionados por un provedor externo como actual adxudicatario do servizo.

A programación actual aplicada pola Deputación de Pontevedra para a retención de copia é a seguinte:

- Realízase un ciclo de copia completa mensual coas correspondentes copias diarias incrementais. Para cadaquén destes ciclos aplícase unha retención anual.
- Ao comezo de cada ano se garda unha copia completa correspondente ao primeiro ciclo dese ano, á que se lle aplica unha retención de 5 anos.

Na actualidade o volume bruto total da copia de seguridade completa da Deputación de Pontevedra ascende a 85TB, mentres que o volume de cada unha das copias incrementais diarias ascende contorna aos 700MB.

O sistema de copia de seguridade actual realiza backup diario tanto dos datos como do sistema de servidores virtualizado, aínda que tan só téñense en conta para o backup aquelas máquinas virtuais que forman parte da contorna de produción, dispoñendo esta contorna de preto de 150 máquinas virtuais.

Dado que o actual contrato remata o vindeiro 11 de novembro de 2023, o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, mediante informe emitido en data 4/09/2023, coa conformidade do Deputado Delegado responsable desa área, solicita que se inicien os trámites para a contratación do “*Servizo copia de seguridade na nube da Deputación de Pontevedra*”, cunha duración de dous anos.

No informe, xustifícase que esta contratación resulta imprescindible para contar ca dispoñibilidade dos datos que xera a propia Deputación (almacenaxe de datos, acceso a datos, recuperación de datos permitindo, deste xeito, que poida exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo informa que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente a prestación do servizo xa que non conta con persoal especializado nesa materia. En canto á opción de ampliar o equipo actual da Deputación hai que considerar que si se externaliza conseguiríase un servizo de soporte técnico 24x7x365, algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.



O contrato proposto ten un prazo de duración de 24 meses, e un orzamento base de licitación de 743.424,00,00 euros, IVE engadido. Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

Visto que con data 8/09/2023, a Intervención emite documentos de retención de crédito números 202300189914 por importe de 50.919,45€ e RC fut nº 202300191365 por importe de 371.712,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 23/926.9260.227.23, quedando condicionado o gasto para as anualidades futuras (2024 e 2025), á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Tendo en conta que o xefe do servizo de contratación emite memoria xustificativa, co csv 6HRQF8V708C2XHUB, na que se informa que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo de subministro, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto (art. 131.2 LCSP) suxeito a regulación harmonizada (arts. 19 a 21 da LCSP), atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico- administrativas.

Visto o informe favorable emitido polo Sr. Secretario Xeral co csv 771HZYTHQECO6PVM seguidamente trasládase o expediente de contratación ao Servizo de Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.

Con data 31/10/2023 a Xefa do Servizo de Fiscalización, co Vº e Prace do Sr. Interventor emitiu informe favorable o expediente, e no que se recollen as seguintes observacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Por outra banda, a retención de crédito a nivel de bolsa supón a diminución do crédito dispoñible para a realización doutros gastos imputables á mesma, o que deberá terse en conta polos xestores de gasto, a efectos de evitar situacións de inexistencia ou insuficiencia de crédito para gastos necesarios e non afectar ao cálculo da estabilidade e regra do gasto para o exercicio en curso.”

Considerando o recollido no ditame 13/2021, da Junta Consultiva de contratación, que sinala que “os contratos polos que as entidades públicas adquiren o dereito de uso de activos de software na nube son contratos de subministro, e consonte o disposto no artigo 16.3 b) da LCSP, a menos que se trate do desenvolvemento de programas de ordenador a medida do órgano de contratación na nube, que serán contratos de servizos, cualifícase este contrato como de subministro.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 17.1, que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministradores cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra”, de acordo co seguinte detalle:
Orzamento de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende:743.424,00€

Valor estimado do contrato é de: 1.228.800,00 €

Prezos unitarios:

Unidade de almacenamento	Prezo unitario mensual (con IVE)
1 GB	0,25 €

2. Autorizar a tramitación ordinaria do gasto por importe de 743.424,00€ con cargo ás aplicacións orzamentarias :

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	926.9260.227.23 (50 días)	50.919,45€
2024	926.9260.227.23	371.712,00€
2025	926.9260.227.23	320.792,55€
	TOTAL	743.424,00€

As importes correspondentes ás anualidades 2024 e 2025, quedarán condicionadas a aprobacións dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

3. Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas csv 61P5OJUJ8MU2S3J6 e de prescricións técnicas csv SOSJMEKCU9KZ8PO7 que rexeran en dito procedemento aberto.
4. Designar como responsable do contrato ao Xefe de Servizo de Novas Tecnoloxías ou a persoa en quen delegue
5. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará as 10:00 horas, do día seguinte o transcurso do fin de prazo de 35 días naturais, a contar desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



11.33156.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “ACTUALIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN E VENTILACIÓN NO PAZO PROVINCIAL”. (Expte. 2020056692)

Resultando.- Por Resolución Presidencial RP número 2023004280 de data 29 de maio de 2023, adxudícase a obra “Actualización das instalacións de climatización e ventilación do Pazo Provincial de Pontevedra” á empresa Deseño, enxeñería e xestión de obras S.L. (B-94129368) importe de 96.418,45 € (IVE engadido) e cun prazo de execución de setenta e cinco días a contar desde a data de formalización da acta de comprobación de replanteo, segundo a RP número 2023004494 pola que se rectifica o prazo de execución do contrato.

A formalización do contrato realizouse en data 8/06/2023, dando comezo o prazo de 1 mes para asinar a correspondente acta de comprobación do replanteo.

Resultando.- En data 6/07/2023, asínase a acta de comprobación de replanteo negativa, polos seguintes motivos:

“Non se pode dar comezo ao inicio das obras:

1.- Pendente aprobación Plan Seguridade e Saúde.

2.- Suministro do equipo de climatización fóra de prazo (outubro 2023), valorando equipo equivalente que entre en prazo.”

Resultando.- Que con data 23/08/2023 asínase entre o contratista e o director de obra, a acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que en relación coa fiscalización da certificación nº1, emitiu informe a Intervención en data 28/10/2023, recolle a seguinte observación:

“Se ben consta no expediente unha acta de comprobación de trazado negativa, non consta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato, comezando as obras mes e medio despois da acta de comprobación de trazado negativa.

CONCLUSIÓN

Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto, ou, no seu caso, se concorren os requisitos legalmente esixidos, acordar a validación da suspensión.”

Considerando.- O disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: “1. A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato.



Considerando.-Que segundo recolle a base 17ª de execución do actual presuposto, en referencia ó recoñecemento e liquidación da obriga, no suposto de que no proceso de fiscalización se detecte unha certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, e os requisitos incumpridos non implican a nulidade radical da obriga, validaraos a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a certificación nº 1 da citada obra, autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS S.L.	Aplicación orzamentaria	Importe
(NIF B-94129368)	23/457-4500-622.03.2021	32.853,36€
SUBTOTAL		32.853,36€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	912,66€
Control de calidade (3% PEM Lic)		753,02€
Total descontos	Id.	1.665,68€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		31.187,68€

- 12.33157.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “RENOVACIÓN DO PERÍODO DE VIXENCIA DAS LICENZAS CITRIX DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2020022502) (Devogarán 2023067008)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 9 de outubro de 2020 (CSV.-H9GHSJWQRH0792GQ), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a contratación da “Renovación de período de vixencia de licencias para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra”. (Expte. 2020022502)

Para responder da realización do lote 2 deste subministro, a empresa *Técnicos Asociados Informática, S.A.U.* (A-79054748), adxudicataria de dito lote, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA, S.A.U. (A-79054748)	3.265,01€	202000168152	28/09/2020



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa favorablemente á devolución da mesma xa que, finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida (...), o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Técnicos Asociados Informática, S.A.U.* (A-79054748), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Renovación de período de vixencia de licencias para clientes CITRIX da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020022502), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *Técnicos Asociados Informática, S.A.U.*, mediante aval de *BANKINTER*, con número de *REA 0472658*, por importe de 3.265,01 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/09/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000168152.

13.33158.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES -FESAN-, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “PRESTACIÓN DO SERVIZO NA ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS DE PRÍNCIPE FELIPE”.
(Expte.2020054448) (Devogarán 2023060054)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 06 de agosto de 2021 (CSV.-0SYCF7GXJN51JNP6), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación da prestación do “*Servizo de Escola Infantil 0-3 anos, do Centro Príncipe Felipe, na Deputación de Pontevedra*”. (Expte. 2020054448).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Fundación de Estudios e Análises -Fesan-* (G-15597669), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
<i>Fundación de Estudios e Análises -Fesan-</i> (G-15597669)	13.200,00€	202100143823	02/08/2021



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Centro Príncipe Felipe, no cal indica que a empresa cumpriu satisfactoriamente co obxecto do mesmo, polo que non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil Fundación De Estudos E Análises -Fesan- (G-15597669), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “Servizo de Escola Infantil 0-3 anos, do Centro Príncipe Felipe, na Deputación de Pontevedra” (Expte. 2020054448), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *Fundación de Estudos e Análises -Fesan-*, mediante aval de *BANCO SANTANDER*, con número de REA 0049-0252-37-2110000873, por importe de 13.200,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 02/08/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100143823.

14.33159.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte.2023066444)

Vista a relación de facturas con número 2023066444, que contén doce facturas e por un importe de 44.473,36€ e con CSV: I18WT29R2EWTVHK2, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 30/10/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extrajudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	44.473,36€
Descontos do IRPF.....	0,00€
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00€
Outros descontos.....	0,00€
Total líquido.....	44.473,36€



15.33160.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “ABRINDO PORTAS ÁS MULLERES XORDAS DE PONTEVEDRA 2023” (Expte.2023026045)

A Federación Asociacións de persoas xordas de Galicia solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Abrindo portas ás mulleres xordas de Pontevedra 2023*”, ao abeiro da convocatoria de bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 29 de 10 de febreiro de 2023.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 11 de agosto de 2023, acordou concederlle á dita entidade, unha axuda económica por importe de 4.750,00 euros, para o desenvolvemento do antedito proxecto.

Esta entidade, a través de escrito presentado no Rexistro electrónico da Deputación, o día 11 de outubro de 2023, co número de entrada WEB2023057533, participa a renuncia á subvención concedida por importe de 4.750,00 euros para o proxecto “*Abrindo portas ás mulleres xordas de Pontevedra 2023*”, pola incompatibilidade da axuda coa enmarcada na Orde de 9 de xaneiro de 2023 da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

Con data 26/10/2023 o Servizo de Igualdade solicita fiscalización do expediente.

Con data 27/10/2023 Intervención emite dilixencia de Fiscalizado e Conforme respecto da renuncia.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o ano 2023, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo sexta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada da renuncia da *Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (G15068091)*, presentada no Rexistro electrónico da Deputación, o día 11 de outubro de 2023, co número de entrada WEB2023057533, relativo á subvención concedida por importe de 4.750,00 €, para o proxecto “*Abrindo portas ás mulleres xordas de Pontevedra*”, o abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023.



16.33161.- DAR CONTA E ACEPTAR AS RENUNCIAS PRESENTADAS POR DISTINTAS ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “CONNECTADAS 2023”
(Expte.2022075085)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, convocou o programa Conectadas 2023, co fin potenciar a participación e promoción das mulleres e favorecer as relacións interpersoais en igualdade, impulsando accións formativas e incorporando de maneira transversal os principios de igualdade, corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

A Xunta de Goberno na sesión ordinaria de 27 de xaneiro de 2023 aprobou as bases reguladoras do programa “Conectadas 2023”, aparecendo publicadas no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número nº 21 de 31 de xaneiro 2023. Nestas bases figura que as entidades beneficiarias do programa son as asociacións, federacións e fundacións sen ánimo de lucro que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres, que apoiem o seu desenvolvemento e actuación, o empoderamento das mulleres, ao igual que o seu tecido asociativo, e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de mulleres e homes.

A Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 16 de xuño de 2023 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 219 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa Conectadas 2023.

Resultando que durante o período de execución do Programa un total de 7 entidades presentan renuncia á acción formativa concedida dentro do programa Conectadas 2023, por diversos motivos entre os que destacan o non reunir o número mínimo de persoas participantes para a realización do obradoiro, razóns organizativas.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa Conectadas para o exercicio 2023 é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada das 7 renuncias presentadas polas seguintes entidades:

Expediente	CIF	ASOCIACIÓN	CONCELLO
2023012293	G36027928	Asociación Agrupación Musical do Rosal	Rosal
2023012145	G36651073	Asociación Veciñal Cultural Deportiva de Cabral	Vigo
2023015260	G36979854	Asoc Cultural San Vicente Mañufe	Gondomar
2023011246	G36995389	Asoc Centro Cultural Recreativo Parada do Miñor	Nigrán
2023013030	G36167187	Asociación Mujeres Rurales Nogueira Meis	Meis
2023012810	G36735736	Asociación Veciños Parroquia San Martiño Borreiros	Gondomar
2023010490	G36188977	Asoc de Veciños San Miguel de Lamela	Silleda



17.33162.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO PROXECTO “DEMOLICIÓN DA IMPRENTA PROVINCIAL” (Expte.2021064404)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Resultando.- Que entre ditas actuacións atópase a derivada da demolición da imprenta provincial (proxecto elaborado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, co CSV Z9S9V26HDRMUKN9B), cun prazo de execución de catro (4) meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 10 de abril de 2023 entre os representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o 10/08/2023; dito prazo prorrogouse posteriormente en varias ocasións (a última das prórrogas concedida por acordo nº 12.33008 da Xunta de Goberno de 29 de setembro de 2023), estando previsto que as obras rematen o 10 de decembro de 2023.

Resultando.- Que con data 30/10/2023 formalizouse entre a dirección de obra e a empresa pública TRAGSA S.A. S.M.E acta de paralización total das obras (quedando nese intre CORENTA E UN (41) DÍAS para a finalización do prazo de execución), xa que debido as inclemencias meteorolóxicas adversas que se están a dar e a previsión de que as precipitacións continúen, non é posible a execución dos traballos correspondentes ao hidrosebrado e formación de terreos tipo Aripaq; como queira que durante o tempo que persistan as fortes choivas non é posible levar a cabo esta intervención, deben paralizarse as obras ata que as condicións climáticas permitan rematar os traballos en condicións axeitadas.

A acta recolle que a porcentaxe de obra executada é do 76,39 % quedando unidades de obra pendentes de executar por un importe de 64.664,42 €. Coa acta xúntase informe coa medición das unidades de obra executadas e as que quedarían pendentes por executar.

Resultando.- Que con data 3/11/2023 emitiu informe favorable o Servizo de Contratación, no que se conclúe o seguinte”...*En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión total da execución do proxecto “Demolición da imprenta provincial”, en tanto non se dean as condicións climáticas axeitadas...*”

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, do 15 de febreiro.



Considerando.- Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto á suspensión dos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; é por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.

Considerando.- Que o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será asinada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a suspensión da execución do proxecto *“Demolición da imprenta provincial”*, encargado á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, con efectos dende o 30/10/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión total da execución desta obra, formalizarase entre a empresa e a dirección de obra a correspondente acta de reinicio, quedando nese intre CORENTA E UN (41) DIAS para finalizar a obra.



18.33163.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO PROXECTO “DEMOLICIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA E RECUPERACIÓN AMBIENTAL DA PARCELA” (Expte.2021064404)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Resultando.- Que entre ditas actuacións atópase a derivada da demolición do parque de maquinaria e recuperación ambiental da parcela (proxecto elaborado por URBING S.L., co CSV 11YEP1XOS0V89O0O), cun prazo de execución de cinco (5) meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 7 de febreiro de 2023 entre os representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o 07/07/2023; dito prazo prorrogouse posteriormente en varias ocasións (a última das prórrogas concedida por acordo nº 11.33007 da Xunta de Goberno de 29 de setembro de 2023), estando previsto que as obras rematen o 7 de decembro de 2023.

Resultando.- Que con data 30/10/2023 formalizouse entre a dirección de obra e a empresa pública TRAGSA S.A. S.M.E acta de paralización total das obras (quedando nese intre TRINTA E OITO (38) DÍAS para a finalización do prazo de execución), xa que debido as inclemencias meteorolóxicas adversas que se están a dar e a previsión de que as precipitacións continúen, non é posible a execución dos traballos correspondentes ao hidrosebrado e formación de terreos tipo Aripaq; como queira que durante o tempo que persistan as fortes choivas non é posible levar a cabo esta intervención, deben paralizarse as obras ata que as condicións climáticas permitan rematar os traballos en condicións axeitadas.

A acta recolle que a porcentaxe de obra executada é do 65,20 % quedando unidades de obra pendentes de executar por un importe de 369.310,85 €. Coa acta xúntase informe coa medición das unidades de obra executadas e as que quedarían pendentes por executar.

Resultando.- Que con data 3/11/2023 emitiu informe favorable o Servizo de Contratación, no que se conclúe o seguinte”...*En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión total da execución do proxecto “Demolición do Parque de maquinaria e recuperación ambiental da parcela”, en tanto non se dean as condicións climáticas axeitadas...*”

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, do 15 de febreiro.



Considerando.- Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto á suspensión dos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; é por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.

Considerando.- Que o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será asinada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a suspensión da execución do proxecto *“Demolición do parque de maquinaria e recuperación ambiental da parcela”*, encargado á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, con efectos dende o 30/10/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión total da execución desta obra, formalizarase entre a empresa e a dirección de obra a correspondente acta de reinicio, quedando nese intre TRINTA E OITO (38) DIAS para finalizar a obra.



19.33164.- ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA E-07 RESULTANTE DO “PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, CONCELLO DE BARRO”. (Expte:2023059448)

Visto o informe-proposta do técnico colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), que conta co conforme do Secretario Xeral, de data 2 de novembro de 2023, co seguinte teor literal:

“O Pleno da Corporación Provincial, na sesión celebrada o 24 de febreiro de 2023, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (19), resultantes do proxecto de parcelación do plan de sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro, no Concello de Barro.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións o Pleno Provincial, na sesión do 28 de abril de 2023, declarou deserto o citado concurso e acordou a posibilidade de efectuar o alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adxudicación directa, das 19 parcelas que quedaron desertas durante o prazo dun ano e en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles compradores, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrència.

O 9 de outubro de 2023 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro web2023057257, escrito de D. José Manuel Acuña Martínez, actuando en nome e representación da empresa GESTIÓN DE RECURSOS INDUSTRIALES Y MAQUINARIA S.L., con CIF nº B94172715, a través do cal solicita lle sexa adxudicada directamente a propiedade da parcela E-07 de 2.142,65 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, elixindo a opción B) de compra reflectida na cláusula sétima do PCAP (25% do prezo, máis o IVE total da operación, a ingresar no momento da escritura pública e o 75% do prezo restante fraccionado en 10 anos, con pago anual).

Así mesmo, aporta certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e deposita na Tesourería da Deputación de Pontevedra a garantía esixida nos PCAP, equivalentes ao 6% do prezo da operación para a parcela, segundo o seguinte detalle:

- Parcela E-07, DOCE MIL SETECENTOS VINTE E SETE EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (12.727,34 €)-operación OCVD-CVD, co número 202300222388.

En relación á garantía por aprazamento, de acordo coa cláusula décimo oitava do PCAP, o licitador elixe a fórmula da “condición resolutoria explícita”.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, infórmase favorablemente a solicitude da empresa GESTIÓN DE RECURSOS INDUSTRIALES Y MAQUINARIA S.L., con CIF nº B94172715, e propónse o alleamento ao seu favor, por adxudicación directa, da parcela E-07 do Polígono Industrial Outeda-Curro, nos termos expostos.”



Visto o informe favorable da Intervención Provincial á tramitación do presente expediente, de data 3 de novembro de 2023, que inclúe os seguintes cadros de financiación:

“...Parcela E-07

DATA DE PAGO	PRINCIPAL PENDENTE (unha vez deducido o pago do período)	IVE PENDENTE (21%)	DÉBEDA CON IVE	PAGOS PRINCIPAL	XUROS PRINCIPAL (I. LEGAL 3%)	IMPORTE TOTAL A INGRESAR (1)
INICIAL	212.122,35	44.545,69	256.668,04 €			
30/11/2023	159.091,76 €	1º PAGO: 25% mais o IVE TOTAL (Firma da escritura)		53.030,59 €		97.576,28 €
30/11/2024	143.182,58 €			15.909,18 €	4.785,83 €	20.695,01 €
30/11/2025	127.273,40 €			15.909,18 €	4.295,48 €	20.204,66 €
30/11/2026	111.364,22 €			15.909,18 €	4.136,39 €	20.045,57 €
30/11/2027	95.455,04 €			15.909,18 €	3.619,34 €	19.528,52 €
30/11/2028	79.545,86 €			15.909,18 €	3.110,79 €	19.019,97 €
30/11/2029	63.636,68 €			15.909,18 €	2.585,24 €	18.494,42 €
30/11/2030	47.727,50 €			15.909,18 €	2.068,19 €	17.977,37 €
30/11/2031	31.818,32 €			15.909,18 €	1.551,14 €	17.460,32 €
30/11/2032	15.909,14 €			15.909,18 €	1.036,93 €	16.946,11 €
30/11/2033	0,00 €			15.909,18 €	517,05 €	16.426,19 €
			Suma...	212.122,35 €	27.706,37 €	284.374,41 €

...”

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nas bases de execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

O alleamento, por adxudicación directa, a favor da empresa *Gestión de Recursos Industriales y Maquinaria*, con CIF B-94.172.715, da parcela E-07 do Polígono Industrial Outeda-Curro, de 2.142,65 m², ao prezo de 99,00€/m², IVE excluído, isto é 212.122,35 €, máis 44.545,69 € en concepto de IVE, que fan un total de 256.668,04€.

A empresa ao acollerse a forma de pago, opción B), que se recolle na cláusula sétima do PCEA, á firma da escritura pública de compra venta ingresará 97.576,28 € (o 25% do prezo, mais a totalidade do IVE), e o importe principal restante 143.182,58 € en dez pagos fraccionados anuais.




20.33165.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN PROPIEDAD NO CONCELLO DE SOUTOMAIOR. (Expte. 2023003943)

Dada conta que con data de rexistro 17/01/2023 (rex. núm. 2023000891), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por *D^a. M^a. del Pilar Ferradás Franco* por danos na súa vivenda, sita na rúa Cochón nº 6 de Arcade, no Concello de Soutomaior, producidos a consecuencia de filtracións de auga procedentes, segundo manifesta, da beirarrúa da estrada, por un excesivo caudal ou por algunha rotura puntual da tubería de pluviais, filtracións que tiveron lugar durante a semana do 12 ao 18 de decembro de 2022, así como unha inundación acaecida o día 14/01/2023, e que foi cuantificada economicamente en 3.500 €, solicitando a reclamante, asemade, a reparación da causa dos citados danos.

Resultando.- Que xunto coa instancia, achega a reclamante informe sobre danos na vivenda elaborado polo Enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico (Coleg. VR-992) D. Roberto Lorenzo Vidal no que se recolle o seguinte: (...) *restos de arena presumiblemente procedente de las filtraciones del exterior (...) todo parece indicar que esta se produce cuando hay precipitaciones (...) Es parecer de este técnico que habría que proceder a la realización de unas catas en la acera buscando el posible origen del escape de pluviales y a la comprobación de las posibles filtraciones de la acera (...)*, engadindo nas conclusións que “*Es parecer de este técnico que queda suficientemente justificado que las filtraciones que se producen en la bodega están relacionadas claramente con las aguas pluviales que están canalizadas por la acera, o bien por filtraciones de la propia acera, produciéndose una entrada de aguas en los días de altas precipitaciones que hacen inutilizable la bodega de la vivienda de la que es objeto este informe*”.

Resultando.- Que con data 20/02/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 29/05/2023, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O lugar nº 6 da rúa Cochón, Arcade no Concello de Soutomaior está situada dentro do trazado da estrada EP-2909 ARCADE-VISO (pk 0+200 M.D.) que pertence á rede provincial de estradas.



SEGUNDO.- O 14 de setembro do ano 2020 con número de expediente 2020042234, o Concello de Soutomaior remite un parte da Policía Local indicando o seguinte:



PARTE DE SERVICIO Nº 260

folio nº 1

Fecha: 01/09/2020	Hora: 13:40	Jefe turno: A269005	Agentes informantes/actuantes: A269007 A269005	Calle/lugar: EP2909 (Arcade)
Modo de inicio / medio de conocimiento: Llamada telefónica.			Comunicante, nº telef. informante: Tlfn.607883514	

Resumen del servicio policial: Incidencias Vía Pública

PARTE DE SERVICIO:

Por medio del presente parte los agentes de esta Policía Local de Soutomaior con NIP A269005 y A269007 hacen constar:

Que siendo aproximadamente las 13.20 se recibe aviso del Concejel de Seguridad de esta jefatura de Policía Local requiriéndonos por la comunicación previa ante el mismo, de una particular, el cual nos delega dicho requerimiento y nos facilita el número de teléfono de la misma.

Que entrevistándonos con la susodicha telefonicamente nos comunica la situación de unos desperfectos ubicados en "subida de Arcade al Viso".

Que siendo las 13:46 nos personamos en el lugar observando tales desperfectos situados en EP2909 PK 0-1 a su paso por Arcade, a la altura del número 6 en la acera derecha y en sentido ascendente, dirección "O Viso".

Que se trata de una zona muy transitada y en la cual **han sufrido diversas caídas varios viandantes** debido al hundimiento de la citada acera, con lo cual consideramos que urge su reparación.


Que por parte de los agentes de esta Policía Local A269007 y A269005 se procede a la señalización del mismo y se da aviso a la empresa de gestión del abastecimiento de aguas (Viaqua), procediendo dicha empresa a las posteriores inspecciones del lugar, declarando que tal desperfecto no procede del suministro de agua (se adjunta informe).

Que tras haber recibido el informe por parte de la empresa de gestión del abastecimiento de aguas (Viaqua) y tener conocimiento de dicha situación se da aviso a través de alerta 112 Galicia al titular de dicha vía pública (EP2909), siendo la misma la Diputación de Pontevedra, no habiéndose realizado hasta la fecha ninguna reparación por parte de la misma, más allá de la señalización con vallas de obra de dicha circunstancia.

Se adjunta reportaje fotográfico.



O vixiante responsable da zona fai un informe onde se recolle que existe un afundimento na beirarrúa aparentemente pola canalización de pluviais (achéganse fotos do informe).




Trasládase a incidencia á brigada de conservación e procédese a reparar os danos da beirarrúa. O día 10 de novembro a incidencia dáse por finalizada.



TERCEIRO.- O día 17 de xaneiro entra por rexistro unha nova petición da interesada por filtracións na vivenda. Faise unha nova inspección do lugar e o vixiante informa que :

“A solicitante alega que as filtracións de auga son provocadas porque hai algún tramo na canalización de pluviais en mal estado , que as filtracións de auga danaron as cabezas das vigas da casa e pide que se repare a beirarrúa e que se as vigas da casa deterioráranse a deputación asuma o cargo” (achéganse fotos).





A canalización de pluviais quedou reparada con motivo da primeira reparación polo que os danos da auga filtrada a raíz dos temporais de decembro non poden ser da rede de drenaxe da estrada provincial.



Coa fin de comprobar o estado actual da rede solicítase a unha empresa acreditada un “INFORME DE INSPECCIÓN CON CÁMARA ROBOTIZADA” que con data 23 de maio confirma que non existen danos na canalización que puideran derivar en posibles fugas da mesma cara a vivenda sinalada (incorpórase informe ao expediente de referencia).

CUARTO.- Unha vez comprobado o correcto funcionamento da canalización de pluviais, os danos reclamados non son responsabilidade deste organismo.

Por outra banda, os danos tamén poden vir derivados do posible deterioro dos paramentos da vivenda existente por unha mala conservación e/ou defectos na súa construción.

A conservación e mantemento dos mesmos, incluso na parte incorporada ao dominio público viario, correspóndelle ao propietario da mesma.

Firmado por M^a Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 02/06/2023 D^a. Pilar Ferradás Franco reitera a solicitude de adopción de medidas para evitar inundacións, manifestando que se volveron producir nas datas 09/03/2023 e 24/05/2023 inundacións

Considerando.- Que no presente procedemento seguíuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1^a do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación, descansos reglamentarios, etc.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos do informe do Servizo de Infraestruturas:

- En setembro do ano 2020, a Policía Local de Soutomaior, a requirimento da interesada, acude ó lugar por un desperfecto da beirarrúa, dando aviso á Deputación a través do 112 Galicia.
- Trasládase a incidencia á brigada de conservación e procédese a reparar os danos da beirarrúa, dándose por finalizada a incidencia o día 10 de novembro.



- O día 17 de xaneiro de 2023 entra por rexistro unha nova petición da interesada, esta vez por filtracións na vivenda.
- Faise unha nova inspección do lugar e o vixiante informa de que a solicitante alega que as filtracións de auga son provocadas porque hai algún tramo na canalización de pluviais en mal estado, que as filtracións de auga danaron as cabezas das vigas da casa e pide que se repare a beirarrúa e que a Deputación asuma o cargo.
- A canalización de pluviais quedou reparada con motivo da primeira reparación polo que os danos da auga filtrada a raíz dos temporais de decembro non poden ser da rede de drenaxe da estrada provincial.
- Coa fin de comprobar o estado actual da rede solicítase a unha empresa acreditada un informe de inspección con cámara robotizada que con data 23 de maio confirma que non existen danos na canalización que puideran derivar en posibles fugas da mesma cara a vivenda sinalada.
- Comprobado o correcto funcionamento da canalización de pluviais, os danos reclamados non son responsabilidade deste organismo.
- Os danos poden vir derivados do posible deterioro dos paramentos da vivenda existente por unha mala conservación e/ou defectos na súa construción.
- A conservación e mantemento dos mesmos, incluso na parte incorporada ao dominio público viario, correspóndelle ao propietario da mesma.

Considerando.- Que a forza causal non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detentación material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que en supostos similares, os Xulgados desestimaron os recursos presentados: Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de O Porriño, de data 13/07/2021, en Autos de Procedemento Ordinario 0000357/2019, e Sentenza 187/2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra (ditos precedentes obran na Asesoría Xurídica da Deputación) nos que, exonerando á Deputación da reclamación económica, veuse dicir, respectivamente, que é preciso acreditar a disfuncionalidade da infraestrutura para poder atribuír os danos á Administración -na primeira delas- e que é necesario acreditar cabalmente os danos e prexuízos e establecer unha relación de causalidade indubitada entre reclamante e reclamado -na segunda-, que, obxectivamente, non se aprecia no presente suposto.



Considerando.- Que en supostos con con identidade de razón (supostos danos en vivenda ocasionados por augas pluviais), o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra eximiu de toda responsabilidade a esta Deputación, baseándose no seguinte:

- Sentenza 176/20: “(...) De la valoración conjunta de la prueba practicada se concluye la desestimación del recurso, y ello porque el actor no ha conseguido demostrar mínimamente la existencia de una relación de causalidad entre el desperfecto de la carretera provincial y los daños”.
- Sentenza 218/22: “(...) Tras la valoración conjunta de la prueba practicada, se concluye la necesaria desestimación del recurso.
Correspondiéndole a la parte actora la carga de la prueba sobre la imputabilidad del daño a la Diputación Provincial, lo cierto es que la prueba practicada en este pleito no lo ha demostrado suficientemente”.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación.

21.33166.- COMUNICACIÓNS

Dar conta de actos firmes, ditados na orde xurisdiccional contencioso-administrativo e levada a cabo a súa defensa polo Servizo Xurídico da Deputación de Pontevedra-ORAL

ACTOS FAVORABLES (Desestimacións)

SENTENZAS

IIVTNU (Recurso de Casación)

- 1) *Sentenza nº 949/2023 de 10 de xullo do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sec. 2ª, ditada en autos do Recurso de Casación 5181/2022*

Dáse conta Sentenza nº 949/2023 de 10 de xullo do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sec. 2ª, ditada en autos do Recurso de Casación 5181/2022 promovido pola Deputación de Pontevedra – ORAL, contra Sentencia nº 096/2022 de 10 de maio, do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no Procedemento Abreviado 099/2022 instado por D. Miguel Ángel Núñez Rivero contra Resolución de Tesourería de 15/02/2022 (Expt.- 39920000029365) pola que se Desestima o recurso de reposición formulado contra a liquidación do IIVTNU 2021 – Concello de Moaña, na que se Estima (ha lugar) o recurso de casación interposto, Casar e anular a sentenza recorrida. Desestimando o recurso contencioso-administrativo PA 099/2022 JCA1Po, sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



Actos de outras administracións - Codemandados.

- 2) *Sentenza nº 203/2023 de 03 de maio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 4009/2023 (dimanante do PO 020/2021 JCA1Po).*

Dáse conta da Sentenza nº 203/2023 de 03 de maio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 4009/2023 (dimanante do PO 020/2021 JCA1Po), promovido por R. Peinador SL contra Sentencia nº 172/2022 de 27 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución de Tesourería de 11/11/2020 (Expt.- 39920000012179), Desestimatoria do recurso de reposición contra as Providencias de Prema emitidas polo Concepto: TE Cotas Urbanísticas Xunta de Compensación – Concello de Sanxenxo, Ampliado á Resolución de Tesourería de 20/09/2021 (Expt. 39920000019316) Desestimatoria recurso contra Prov. Apremio “TE - Xuros Cotas Xunta Compensación”, na que se Desestima o recurso de apelación sen condena en costas nesta segunda instancia, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 3) *Sentenza nº 247/2023 de 26 de maio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 4010/2023 (dimanante do PO 044/2021 JCA1Po).*

Dáse conta da Sentenza nº 247/2023 de 26 de maio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 4010/2023 (dimanante do PO 044/2021 JCA1Po), promovido por D.ª Peregrina Sexto Rodríguez contra Sentencia nº 173/2022 de 27 de setembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución de Tesourería de 11/11/2020 (Expt.- 39920000012326), Desestimatoria do recurso de reposición contra as Providencias de Prema emitidas polo Concepto: TE Cotas Urbanísticas Xunta Compensación – Concello de Sanxenxo, na que se Desestima o recurso de apelación sen condena en costas nesta segunda instancia, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

Recadación Executiva – Inicio Período Executivo

- 4) *Sentenza nº 138/2023 de 20 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 319/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 138/2023 de 20 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 319/2022, promovido por D.ª María Angela Pérez Díaz contra Resolución de Tesourería de 30/08/2022 - Expt. 39920000041669 (Expt. Sancionador en materia de tráfico nº 128/2022 - Derivado do Expt.: 12261/2021) Concello de Moaña, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 600€, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



Recadación Executiva- Dilixencia de Embargo

- 5) *Sentenza nº 077/2023 de 11 de maio do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 360/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 077/2023 de 11 de maio do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 360/2022, promovido por Swap Energía SL contra Resolución de Tesourería de 13/10/2022 (Expt. 39920000041971) Desestimatoria do recurso de reposición interposto contra DILIXENCIA EMBARGO -Expediente Executiva 2021EXP39020490 (Liquidacións por Inspección IAE – exercicios 2019 e 2020, Concello de Vilaboa, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo a contía do procedemento de 569,78 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 6) *Sentenza nº 118/2023 de 05 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 224/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 118/2023 de 05 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 224/2022, promovido por D. Manuel López Iglesias contra Resolución de Tesourería de 27/05/2022 (Expt.: 39920000027666) Desestimatoria do recurso de reposición contra DILIXENCIAS DE EMBARGO derivada do impago da MULTA DE TRAFICO Expt. Sancionador 5749/2019 - Concello de Mos, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en indeterminada (inferior a 30.000 €), e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 7) *Sentenza nº 135/2023 de 13 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 150/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 135/2023 de 13 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 150/2022, promovido por D. Ruben Herruzo Silva contra Resolución de Tesourería de 21/02/2022 (Expt. 39920000035580) desestimatoria do recurso de reposición contra a Dilixencia de Embargo nº 2200029058 (Expt Executiva: 2021EXP39031301), na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 126,07 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana – IIVTNU.



8) *Sentenza nº 077/2023 de 02 de maio do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 323/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 077/2023 de 02 de maio do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 323/2022, promovido por D.^a Alicia Carballal Fernández, D. Manuel Carballal Fernández e D.^a Alba Carballal Fernández contra Resolución de Tesourería de 01/09/2022 (Expt.: 39920000022646) Desestimación do recurso de reposición contra as liquidacións do IIVTNU 2014, Concello de Tui, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 7.298,78 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

9) *Sentenza nº 113/2023 de 01 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 214/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 113/2023 de 01 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 214/2022, promovido por D.^a Isabel Brandón Domínguez contra Resolución de Tesourería de 13/04/2022 (Expt.: 39890000001605) Inadmisión do recurso de reposición contra a liquidación do IIVTNU – 2018, Concello de Tomiño, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 2.497,94 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

10) *Sentenza nº 168/2023 de 31 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 122/2023.*

Dáse conta da Sentenza nº 168/2023 de 31 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 122/2023, promovido por D.^a Anxos María Vázquez Castro contra Resolución de Tesoureira 24/01/2023, Expt. 39920000048678, pola que se Inadmite a solicitude de revogación da liquidación emitida polo Concepto IIVTNU – 2019, Concello de Caldas de Reis, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 2.150,24 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



11) Sentenza nº 171/2023 de 31 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 098/2022

Dáse conta da Sentenza nº 171/2023 de 31 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 098/2022, promovido por D.^a Ana María Tore Guerrero contra Resolución de Tesoureira de 15/02/2022 – Expt. 39920000029363, desestimatoria do recurso interposto contra liquidación emitida polo Concepto IIVTNU 2021, Concello de Moaña, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 2.111,43 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

Multas de Tráfico:

12) Sentenza nº 096/2023 de 12 de maio do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 261/2022.

Dáse conta da Sentenza nº 096/2023 de 12 de maio do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 261/2022, promovido por D. Juan Brea Martínez contra Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 25584/2021, Concello da Estrada, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 200,00 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

13) Sentenza nº 137/2023 de 25 de maio do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, ditada en autos do Procedemento Abreviado 047/2023.

Dáse conta da Sentenza nº 137/2023 de 25 de maio do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, ditada en autos do Procedemento Abreviado 047/2023, promovido por D. Atanasio Murillo Heras contra Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 12008/2022, Concello de Baiona, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 80,00 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

14) Sentenza nº 120/2023 de 08 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 207/2022.

Dáse conta da Sentenza nº 120/2023 de 08 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 207/2022, promovido por D. Iván Vila Alonso contra Expedientes Sancionadores en Materia de Tráfico nº 5963/2022 e 5965/2022, Concello do Porriño, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 700 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



15) Sentenza nº 132/2023 de 12 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 125/2022.

Dáse conta da Sentenza nº 132/2023 de 12 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 125/2022, promovido por D. José Luís Barrero Vázquez contra Expt. Sancionador en materia de tráfico nº 14173/2021, Concello de Cangas, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 200 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

16) Sentenza nº 166/2023 de 20 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 118/2022.

Dáse conta da Sentenza nº 166/2023 de 20 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 118/2022 promovido por Fergo Abogados y Consultores SLP contra Decreto da Alcaldía do Concello de Tui de 25/01/2022 – Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 21666/2021, na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 24 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

Contrato de Prestación do Servizo de Asesoramento e Colaboración na Inspección das Taxas e Prezos Públicos:

17) Sentenza nº 163/2023 de 18 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 462/2018 (Acumulados PO 100/2019 JCA2Po e PO 175/2019 JCA1Po).

Dáse conta da Sentenza nº 163/2023 de 18 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 462/2018 (Acumulados PO 100/2019 JCA2Po e PO 175/2019 JCA1Po) promovido por Lagares Oca SL, contra o impago das facturas correspondentes ao contrato polo servizo de asesoramento e colaboración material na regularización e actualización dos padróns fiscais mediante os procedementos de inspección tributaria, das taxas delegadas polos Concellos de Valga, A Estrada, Oia e O Rosal (Xunta de Goberno do 10/04/2015), acumulándose a este o PO 100/2019 JCA2Po, contra o acordo de extinción do anterior contrato (Xunta de Goberno de 15/02/2019) e o PO 175/2019 JCA1Po, contra a liquidación do mesmo (Xunta de Goberno de 03/05/2019), na que se Desestima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en indeterminada, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



Procedemento Inspector (IAE)

18) Sentenza nº 421/2023 de 12 de xullo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, ditada nos autos do PO 15388/2022.

Dáse conta da Sentenza nº 421/2023 de 12 de xullo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, ditada nos autos do PO 15388/2022, promovido por Curenergía Comercializador de Último Recurso SAU contra a Resolución do Tribunal Económico-administrativo Rexional de Galicia de 31 de marzo 2022 que estima a reclamación económico-administrativa número 36-00490-2021, promovida contra as Resolucións da Tesourería da Deputación de Pontevedra-ORAL, sobre inclusión na matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) período 2017 a 2019, no epígrafe 659.9 da Sección Primeira das Tarifas do Imposto, pola actividade de comercialización de enerxía eléctrica realizada en varios municipios de Pontevedra, na que se Desestima o recurso de contencioso-administrativo interposto, con condena en costas á autora, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

AUTOS (Desistimento)

Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana – IIVTNU

19) Auto nº 104/2023 de 13 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 359/2022.

Dáse conta do Auto nº 104/2023 de 13 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 359/2022, promovido por D. José Touriño Camiña contra Resolución de Tesourería de 23/09/2022 - Expt. 39920000044090, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra liquidación do IIVTNU, Concello de Meaño, no que se ten por desistida á autora no recurso contencioso-administrativo, con condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado decreto.

DECRETOS (Desistimento)

Liquidacións en Voluntaria (Outras Taxas).

20) Decreto nº 25/2023 de 10 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 094/2023.

Dáse conta do Decreto nº 25/2023 de 10 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 094/2023, promovido por Contenedores Escor Vitoria SL contra Desestimación Presunta do recurso de reposición de 01/07/2022 (Expt.-39920000042309) interposto contra as liquidacións do canon da plataforma loxística inversa – Concello Cambados, no que se ten por desistida á autora no recurso contencioso-administrativo, sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado decreto.



21) *Decreto nº 26/2023 de 10 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 087/2023.*

Dáse conta do Decreto nº 26/2023 de 10 de xullo do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Ordinario 087/2023, promovido por Contenedores Escor Vitoria SL contra Desestimación Presunta do recurso de reposición de 01/07/2022 (ante o Concello de Cambados) interposto contra as liquidacións do canon da plataforma loxística inversa, no que se ten por desistida á autora no recurso contencioso-administrativo, sen condena en costas, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado decreto.

ACTOS DESFAVORABLES (Estimación)

SENTENZAS

Multas de Tráfico

22) *Sentenza nº 142/2023 de 21 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 123/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 142/2023 de 21 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 123/2022, promovido por D.^a Eva María Ezcurra de la Iglesia contra Decreto da Alcaldía do Concello do Grove de 17/02/2022 – Expediente Sancionador en Materia de Tráfico nº 15069/2021, na que se Estima o recurso contencioso-administrativo con condena en costas á Administración, sendo fixada a contía do procedemento en 300 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

Procedemento de Reclamación / Derivación de Responsabilidade

23) *Sentenza nº 139/2023 de 15 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 275/2022.*

Dáse conta da Sentenza nº 139/2023 de 15 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 275/2022, promovido por D.^a Sara Ferradas Collazo, contra Resolución de Tesourería de 22/07/2022 (Expt. 39320000034190), pola que se desestimar o recurso de reposición contra Resolución de 04/05/2022, na que se acorda a reclamación das débedas pendentes a nome de D.^a Leonor Otero Gil, herdeira de D. Angel Otero Gil, na que se Estima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 557,12 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.



Recadación Executiva- Dilixencia de Embargo:

24) Sentenza nº 082/2023 de 04 de maio do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 276/2022.

Dáse conta da Sentenza nº 082/2023 de 04 de maio do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 276/2022, promovido por D.^a José Manuel Canabal Pichel, contra Resolución de Tesourería de 30/08/2022 (Expt. 39920000042744) Desestimatoria do recurso de reposición contra a Dilixencia de Embargo por débedas co Concello de Forcarei, na que se Estima o recurso contencioso-administrativo sen condena en costas, sendo fixada a contía do procedemento en 540,00 €, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación. A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza.

AUTOS (Recoñecemento Total en Vía Administrativa):
Imposto Bens Inmóbles (IBI):

25) Auto nº 095/2023 de 19 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 002/2023.

Dáse conta do Auto nº 095/2023 de 19 de xuño do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, ditada en autos do Procedemento Abreviado 002/2023, promovido por Villa Eche Properties SL, contra Resolución de Tesourería de 28/11/2022 (Expt. 39920000038417) Acordando o desistimento no recurso de reposición contra Resolución de 24/03/2022 (Expt. 39920000031278) desestimatoria da solicitude de división da cota tributaria do IBI – Concello de Nigrán – Exercicios 2020, 2021 y 2022, polo que se declara a terminación do procedemento por recoñecemento total en vía administrativa, e cuxa defensa foi levada polo Servizo Xurídico do ORAL-Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable do citado auto.

22.331667.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

23.33168.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

